

A EDAR de Sergude triplica a capacidade de depuración de Lestedo e Sergude

As novas e modernas instalacións supuxeron un investimento de 1,8 millóns de euros

A Xunta vén de completar as obras da nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Sergude, tras un investimento de máis de 1,8 millóns de euros. As novas instalacións triplican a capacidade de tratamento da anterior depuradora de Lestedo (a primeira construída no municipio no 1991) ao chegar aos 3.000 habitantes equivalentes co ano 2042 como horizonte.

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e o alcalde, Ovidio Rodeiro, visitaron as instalacións, froito dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Boqueixón no que a Xunta asumiu o 80% do investimento. Pola súa banda, o Concello achegou máis de 360.000 euros, puxo a disposición os terreos e asumirá o mantemento das instalacións.

Vázquez destacou que a nova EDAR permite mellorar a rede de saneamento e unificar o tratamento das augas residuais nos núcleos



Inauguración da nova estación depuradora de augas residuais de Sergude

de Sergude e de Lestedo, ademais de felicitar ao alcalde por “traballar para que un pequeno municipio como Boqueixón se converta nun concello con grandes servizos e de calidade de vida para os que aquí viven pero tamén para convidar que outros poidan vir”.

Saneamento nos núcleos

Pola súa banda, Ovidio Rodeiro lembrou que “no ano 1991 o Concello de Boqueixón puxo en marcha o servizo de saneamento. A día de hoxe contamos

con 92 km de tubaxes, 14 pequenas depuradoras, 13 bombeos cun investimento de 8.000 euros por cada casa. Neste momento temos 1.478 enganches ao saneamento, unha porcentaxe altísima de poboación”.

Ademais de destacar que a nova EDAR “véñ mellorar o servizo que lle prestamos aos veciños e veciñas de Sergude e Lestedo”, Rodeiro Tato indicou que “grazas aos últimos investimentos realizados, imos conseguir chegar ao 100% de saneamento aos núcleos”.

Vantaxes da nova depuradora

As instalacións de Sergude contan coa última tecnoloxía, que inclúe liña de auga e liña de lodos, con pretratamento e tratamento biolóxico, cunha capacidade media de 44 m³ de auga á hora. Isto optimizará o tratamento de augas residuais de Lestedo e de Sergude. Ademais, en caso de fortes choivas, conta cun tanque de tormentas para evitar asolagamentos. Unhas instalacións modernas e eficientes deseñadas para lograr o mínimo vertido e cun tratamento secundario para eliminar o nitróxeno. A EDAR contou con financiamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

03 mar / 09 mar

BOQUEIXÓN

Campo da festa

10 mar / 16 mar

CODESO-DONAS

Campo da festa

17 mar / 30 mar

OURAL-POUSADA-SUCIRA

Casa da Cultura

31 mar / 02 mar

LEDESMA

Campo da festa



Apertura do prazo para pedir actuacións da Rede Cultural

Do 18 de marzo ao 1 de abril estará aberto o prazo para que as asociacións e comisións de festas poidan solicitar de xeito telemático espectáculos da Rede Cultural da Deputación (bandas de música, grupos de baile e música tradicional, etc). Máis información no Departamento de Cultura: 981 513 115

Curso de Monitor/a de Tempo Libre

Os Concellos de Boqueixón e Vedra organizan un Curso de Monitorado de Tempo Libro de 250 horas lectivas, 200 teóricas e 150 prácticas. Impartido por ETL Anacos Educativos, terá lugar nas fins de semana do 15 de marzo ao 20 de abril, de 9:00 a 14:00 e de 15:00 a 20:00 horas. Prezo: 250€. Inscricións: cultura@boqueixon.com ou 981 51 31 15.

Charlas sobre o coidado de mascotas

O Concello continúa co seu programa de sensibilización sobre o coidado de mascotas. Tras o éxito acadado no CPIP Antonio Orza Couto, Gatocan Oroso impartirá charlas nas tres escolas unitarias do municipio integradas no CRA Vedra-Boqueixón. Nesas charlas, chamadas "Os nosos peludos necesitan-te", falarán do bo trato e da adopción de animais.

O Servizo de Atención Psicolóxica do CIM atendeu a 47 mulleres en 2024

O servizo de atención psicolóxica do Centro de Información á Muller (CIM) realiza atención e asesoramento psicolóxico ás mulleres que así o demandan. Durante o ano 2024 foron 47 as persoas atendidas en Boqueixón e Vedra, concello co que se mantén un convenio de colaboración dende o ano 2018.

O CIM é un servizo especializado na atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, formado por unha directora-avogada e unha psicóloga. Na área psicolóxica préstase ademais atención en casos de depresión, ansiedade, baixa autoestima, dificultades de parella, problemas familiares, etc., así como apoio a persoas coidadoras de familiares en situación de dependencia. Trátase dun recurso de apoio de carácter gratuito que se presta á fin de proporcionar as ferramentas precisas para mellorar a situación emocional da persoa usuaria.

Durante o 2024, o 48,9% das mulleres atendidas acudiron por unha situación de violencia de xénero ou agresión sexual, o que deixa constancia da importancia deste servizo de proximida-



de para a detección e axuda a mulleres que sofren algún tipo de violencia.

As restantes atencións corresponden a casos de violencia doméstica, separacións, divorcios, outras dificultades de parella e mulleres coa síndrome da persoa coidadora, entre outras demandas.

Cita previa

A atención xurídica do CIM ten lugar de luns a venres, de 8:00 a 15:00 horas; mentres que a atención psicolóxica préstase os luns, mércores, xoves e venres, no mesmo horario. En ambos os dous casos é precisa cita previa, a cal pode solicitarse chamando ao CIM (981 513 106).

Programa CoidarNos

En canto ás persoas que sofren a síndrome da persoa coidadora (que representaron o 23,5% das persoas atendidas) teñen á súa disposición o programa CoidarNos, un grupo de apoio para persoas coidadoras de familiares en situación de dependencia que leva funcionando 8 anos. As reunións teñen lugar o terceiro mércores de cada mes en horario de tarde, de 17:00 a 19:00 horas, no Local Socio-cultural de Sergude.

Actualmente hai prazas dispoñibles, polo que as persoas que estean interesadas en participar poden solicitar máis información no Departamento de Servizos Sociais e Igualdade.

Consultas do Servizo de Atención Psicolóxica Ano 2024

Motivo da atención	Mulleres	Porcentaxe
Violencia de xénero e agresións sexuais	23	48,9%
Violencia doméstica	3	6,38%
Separación e/ou divorcio	2	4,25%
Outras dificultades de parella	4	8,5%
Persoas coidadoras	11	23,4%
Outras atencións	4	8,5%
Total	47	100%

Máis de 640.000 euros para mellorar accesos a aldeas e aglomerar estradas

O Concello destinará 300.000 € ao pago do alumeado público e dos bombeos de auga

O Concello de Boqueixón vai investir máis de 640.000 euros na mellora dos accesos a trece aldeas do municipio e dezaes estradas nas distintas parroquias, nove delas en aglomerado. Así se recolle na proposta da Alcaldía para o POS+2025 e o Plan Complementario, que foi aprobado polo Pleno municipal, que acordou destinar outros 306.000 euros ao pago do alumeado público e dos bombeos do abastecemento de auga.

Melloras en estradas

Entre as obras que licitarán nos próximos meses o Concello de Boqueixón figuran o aglomerado do viario entre Sucira e Donas, do entronque entre Carballón e a DP-1201, do camiño da AC-960 ata a Igrexa de Ledesma, da pista ata Rebore-



O Concello seguirá priorizando a mellora das estradas en aglomerado en quente

do e do viario entre Donas e Engas. Tamén se empregará aglomerado na mellora dun viario en Lamas, do acceso ao tanatorio municipal e da Torre a Costiña (Lamas).

Así mesmo, mellorarase a estrada do cruce de Vigo de Lamas á AC-261, acondicionaranse o camiño da

Fonte a Donas, o viario de Carabán a Cruz, a estrada de Lamas a Campo San Benito, o viario da AC-240 a Granxola por Pichina e a travesía de Rubial a Quián, ademais de mellorar a seguridade entre Santa Mariña e Fontebanca. Finalmente, mellorarase un viario en Castro (na zona de

Gurrilleiras, dirección Fontebanca) e no camiño da AC-960 ao Coto de Millán ata o límite con Touro.

Accesos a aldeas

No que atinxe ás aldeas, melloraranse os accesos a Ardilleiro, Santaia-Codeso, área recreativa de Sucira, Senande, Rodiño Pequeno, Pumares, Deseiro de Arriba, Cusanca, Loureiro, Piñeiro de Arriba, Noenlle e Fontebanca. Así mesmo, melloraranse os interiores das aldeas de Trión e Gatrar, así como da rúa Monte Illicino e da travesía de Rubial.

A maiores, tamén haberá achegas para outros proxectos como a mellora da canalización da auga da choiva en Eirexe ou a substitución e ampliación da rede de abastecemento de auga no Burgo.



Enoturismo María Manuela, exemplo de emprendemento rural

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, visitou o complexo Enoturismo María Manuela, que cualificou como "exemplo de emprendemento e dinamización no rural". A iniciativa está promovida polo GDR Terras de Compostela.



A rapazada desfruta dos petiscos da campaña "Galicia sabe amar"

Unha foodtruck da campaña "Galicia sabe amar" visitou o CRA Boqueixón-Vedra, onde a delegada territorial da Xunta, Belén do Campo, e o alcalde, Ovidio Rodeiro, compartiron uns petiscos coa rapazada que buscan promover o consumo de produtos do mar.

A XLII Festa da Filloa terá lugar o 9 de marzo e acollerá un Xantar do Cocido

O pregón correrá a cargo de Isabel Pichel, xornalista da Radio Galega e veciña de Pazos

O CIFP Compostela acolleu a presentación do programa da 42ª edición da Festa da Filloa de Lestedo, cuxo día grande terá lugar o domingo 9 de marzo. O alcalde, Ovidio Rodeiro, destacou o traballo dos integrantes da Asociación Cultural da Filloa, persoal do Concello, entidades e empresas patrocinadoras na consecución da distinción de Festa de Interese Turístico Nacional para a Filloa.

O sábado 1 de marzo terá lugar a terceira edición da "Festa da Filloíña", que dará comezo ás 16:30 horas no campo da feira de Lestedo coas actuacións de grupos musicais. Ás 18:00 horas, pregón infantil co alumnado do CPI Antonio Orza Couto. Despois, Atranques de Xeneraliños da Ulla, concurso de disfraces e concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona.

O domingo 2 de marzo, ás 12:00 horas, será a quenda do primeiro dos cinco



Acto de presentación do programa da Festa da Filloa no CIFP Compostela

showcookings programados este ano, todos eles no local social de Lestedo. Trátase de "Orixes Galegas", con porco celta e impartido polo cocidoiro do restaurante Maina (Santiago). O luns 3 de marzo, ás 19:00 horas, o protagonista o Cocido de Lalín, cun showcooking do chef lalinense Álex Iglesias.

O mércores 5 de marzo, ás 17:00 horas, nova edición da Escola Filloeira co chef Xosé Manuel Mallón, quen tamén impartirá o xoves 6 de marzo, ás 11:00

horas, unha nova sesión do "Filloa Accesible", dirixido ás persoas asociadas a AFEX-DI Santiago. Ese mesmo día, ás 19:00 horas, o propio Mallón e Roberto Filgueira dirixirán outra edición de "Lestedo sen glute", dirixido a persoas celiacas.

O sábado 8 de marzo, terceira edición do "Filloa Folk", que este ano reunirá no campo da feira de Lestedo á Parranda de Entroido (18:00 h), Luz de Ilcinio, Os Melidaos e Ailá (20:00h).

Finalmente, o domingo

9 de marzo a XLII Festa da Filloa quentará motores a partir das 8:00 horas, co acendido das máquinas filloeiras. A partir das 11:00 horas, actuación de grupos musicais da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio. Ás 12:00 horas, oitavo Gran Desfile Intermunicipal dos Xenerais da Ulla. Ás 13:00 horas, terá lugar o pregón de Isabel Pichel, veciña de Pazos (Lestedo) e directora do informativo "Galicia por Diante Fin de Semana" na Radio Galega, así como a imposición dos mandís de honra 2025. Un acto presentado pola actriz María Mera.

Ás 13:45 horas, Gran Alto dos Xenerais da Ulla e sesión vermú co Grupo Ibiza, que dará paso ao Xantar da Filloa, que este ano contará como novidade cun Cocido da Filloa, froito do irmandamento desta festa coa Feira do Cocido de Lalín. Toda a información en www.festa-dafilloadelestedo.gal.



Irmandamento co Cocido de Lalín

Os alcaldes de Boqueixón e Lalín, Ovidio Rodeiro e Xosé Crespo, asinaron o irmandamento da Festa da Filloa e a Feira do Cocido. Así, na Feira Alvariza tivo lugar un showcooking de Xosé Manuel Mallón e unha degustación de filloas feitas por Isabel Tejo e Liliana Voicu. E no día grande da Feira do Cocido, Uxía e José Canabal desprazáronse a Lalín para protagonizar un atranque dos Xenerais da Ulla.

Mostra sobre traxes tradicionais no CPIP Antonio Orza Couto

O Concello organiza a exposición *"Traxes tradicionais de Galicia e o falseamento histórico na folclorización: exposición didáctica"*, de Susana Peleteiro, formadora da Secretaría Xeral de Emigración. A mostra consta de 40 bonecas con traxes de diferentes épocas, comarcas e usos sociais (incluídos dous Xenerais da Ulla), con textos nos que se fai un percorrido pola historia do vestir tradicional e fotografías antigas de traxes e pezas vestidas polos nosos devanceiros, como unha cofia, un mandil e peza única confeccionada en terciopelo e cristal de Bristol. A mostra estará aberta a escolares e as súas familias no salón de actos do CPIP Antonio Orza Couto do 31 de marzo ao 11 de abril, en horario escolar.

O Concello organiza cursos de formación dixital nas parroquias

O Concello de Boqueixón ofrece formación gratuita a maiores de 55 anos para que aprendan a navegar con seguridade e confianza por Internet e a usar o seu móbil ou tablet para comunicarse por videoconferencia, facer xestións no seu banco, pedir unha cita médica, comprar online ou aproveitar o seu tempo de ocio e creatividade de na rede.

Sete cursos que teñen como obxectivo que a veciñanza aumente a súa independencia e autonomía persoal, mellorando a súa autoestima e favorecendo un envellecemento activo e saudable. As persoas que desexen participar deben comunicalo ao concelleiro/a da parroquia ou chamar 981 513 115 **con 15 días de antelación ao inicio do curso.**

Parroquia	Lugar	Data/horario
Lestedo	Local social (2ª planta)	1 e 3 de abril 16:00-18:00 h.
Boqueixón / A Granxa	Casa do Concello	8 e 10 de abril 16:30-18:30 h.
Ledesma	Local social (baixo)	28 e 30 de abril 16:30-18:30 h.
Codeso / Donas / A Granxa	Local social de Codeso	5 e 6 de maio 16:30-18:30 h.
Lamas / Loureda Gastrar / Vigo	Local social de Lamas (casa do cura)	12 e 14 de maio 16:30-18:30 h.
Sergude	Local social	19 e 20 de maio 16:30-18:30 h.
Oural / Pousada Sucira	Casa da Cultura	27 e 29 de maio 16:30-18:30 h.

O campo da festa de Rodiño acollerá a ITV Agrícola do 27 de marzo ao 3 de abril


A unidade móbil número 3 de Inspección Técnica de Maquinaria Agrícola estará no campo da festa de Rodiño do 27 de marzo ao 3 de abril, atendendo así a solicitude realizada polo Concello. Os veciños e veciñas que precisen facer uso deste servizo teñen que solicitar cita previa chamando ao 981 92 80 80 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

Os horarios dispoñibles para a veciñanza son os seguintes: xoves 27 de marzo (de 9:00 a 13:00 h), luns 31 marzo (de 9:00 a 13:30 e de 15:15 a 18:00 horas), martes 1 e mércores 2 de abril (de 9:00 a 13:30 e de 15:15 a 18:00 horas) e xoves 3 de abril (de 9:00 a 13:30 horas).



Éxito da charla-café sobre benestar emocional dirixida a familias

O Servizo de Prevención de Condutas Aditivas do Concello de Boqueixón, en colaboración coa Concellería de Sanidade, organizou unha charla-café sobre benestar emocional. Nela, unha psicóloga compartiu coas familias pautas sobre como poñer límites de forma educativa.



Obradoiros de estimulación cognitiva para os maiores

Os maiores de Boqueixón utilizaron lentes de realidade virtual para mellorar a súa concentración durante os obradoiros de estimulación cognitiva da Rede Galega de Promoción da Saúde, que chegaron a Lestedo e Camporrapado da man de Agadea Alzheimer.

O Entroido dos Xenerais da Ulla chegará a Sergude e Lestedo o 2 e o 9 marzo

A Casa Escola de Couso, na Estrada, acolleu a presentación do programa do Entroido dos Xenerais da Ulla, festa declarada de Interese Turístico de Galicia que terá lugar ata o vindeiro 15 de marzo. Os oito concellos da comarca da Ulla participaron na presentación do programa, que inclúe múltiples atranques organizados polas agrupacións veciñais dos case 30 lugares e parroquias nos que anualmente ten lugar esta tradición.

Unha presentación realizada polo director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, quen salientou que cada vez máis está a medrar o interese dos visitantes por este tipo de tradicións.

No caso de Boqueixón, a festa terá lugar no campo da festa de Sergude o Domingo de Entroido, 2 de marzo. Ás 10:00 horas saíran Xenerais, Correos e Coros pola parroquia acompañados do



Xosé Merelles presentou o programa do Entroido dos Xenerais da Ulla

grupo Son de Gaita. A partir das 18:00 horas, actuación dos Coros co grupo Son de Gaita. A iso das 20:00 horas faranse os Atranques, que rematarán co sorteo dunha carretilla de Entroido e fin de festa con Óbice Capital.

Unha semana despois, Domingo de Piñata no marco da XLII Festa da Filloa de Lestedo, terá lugar a oitava edición do Desfile Intermunicipal dos Xenerais da Ulla (12:00 horas) e un Atranque dos Xenerais da Ulla (13:45 horas). Máis información: www.xeneraisdaulla.gal.

Entroido de SERGUE

Domingo 2 marzo

As 10:00 h. Saída do campo da festa dos **XENERAIS, CORREOS e COROS** acompañados do grupo **SON DE GAITA**

A partir das 18:00 h, no campo da festa: **COROS con SON DE GAITA**

A partir das 20:00 h, no campo da festa: **ATRANQUES DOS XENERAIS DA ULLA**

Fin de festa con: **ÓBICE CAPITAL**



Premio Supera Impulso Rural para a Escola Judo Club

Susana Rodríguez, bicampioa paralímpica de triatlón, e a presentadora Susanna Griso entregaron o Premio Supera Impulso Rural á Escola Judo Club, por contribuír ao desenvolvemento do deporte feminino en municipios de menos de 5.000 habitantes.



Éxito da terceira edición do Zumba Solidario no pavillón do Forte

O Zumba Solidario recolleu unha gran cantidade de alimentos e produtos de hixiene persoal para as persoas máis vulnerables. Ducas de persoas bailaron ao son da música con Ainhoa, Maite, Leila, Nuria, Gabri, Priscilla, Ana e Sofía. Moitas delas levaron agasallos cortesía de Talleres González (Camporrapado), Ferrería Torres (Rodiño), Queixería Bo-Queixo (Orto), Librería Lino (Lestedo), Supermercado Casa Castro (Lamas) e Supermercado Spar de Camporrapado.

Boqueixón e Vedra convocan a andaina teatralizada “No Camiño da Igualdade”

Terá lugar o domingo 16 de marzo, entre a área de recreo de Agronovo e a Carballeira de Sucira

Os Concellos de Boqueixón e Vedra organizan a andaina “8M. No camiño da igualdade”, unha iniciativa para conmemorar o Día da Muller e que este ano terá lugar o domingo 16 de marzo. A andaina, duns 12 quilómetros de lonxitude, desenvolverase entre a área de recreo de Agronovo (Vedra) e a carballeira de Sucira (Boqueixón).

Ademais do novo percorrido, a andaina “No camiño da igualdade” presenta unha novidade: será teatralizada. Así, os Concellos de Boqueixón e Vedra buscan que a andaina deste ano sexa máis sensibilizadora en materia de igualdade.

A participación é gratuita, se ben o número de prazas é limitado. Por iso, as persoas interesadas en participar deberán anotar-

se antes do 12 de marzo a través do formulario dispoñible na web municipal ou chamando ao 981 513 106 (Boqueixón) ou 669 041 486 (Vedra).

As persoas participantes concentraranse na área de recreo de Agronovo ás 9:30 horas do domingo 16 de marzo. Aló deixarán os seus vehículos e saíran cara a Carballeira de Sucira, percorrendo uns 12 quilómetros. A volta a Vedra farase en autobús e de balde. Ademais, terán dereito a un bocadillo e un agasallo conmemorativo do 8 de marzo.

Esta terceira edición da andaina “8M. No camiño da igualdade” está financiada polo Ministerio de Igualdade, con cargo ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e polos concellos de Boqueixón e Vedra.

ANDAINA
TEATRALIZADA
16 MARZO

8M NO CAMIÑO
da igualdade

- SAÍDA- ÁREA DE RECREO AGRONOVO (VEDRA)
- HORA - 9:30
- CHEGADA - CARBALLEIRA DE SUCIRA (BOQUEIXÓN)
- 12KM



Inclúe autobús de regreso, bocadillo e agasallo!



Nova edición das Tardes pola Igualdade

O Concello de Boqueixón organiza unha nova edición de *Tardes pola Igualdade*, dirixida á rapazada de Infantil e Primaria (de 3 a 13 anos) que pode estar acompañada pola súa familia. Trátase dunha obra da compañía Trémola Teatro para sensibilizar en igualdade: “Jane e Rachel”. Será no ximnasio municipal do Forte o venres 14 de marzo, de 15:30 a 16:15 horas. Participación de balde, previa inscrición: <https://forms.gle/kP4MWsZX68AgAuh68>. *Tardes pola Igualdade* está organizada polo Concello de Boqueixón, a través do CIM, en colaboración do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero e o Ministerio da Igualdade.

Nova edición do certame de relato curto “Xosé Neira Vilas”

O Concello, en colaboración coa Fundación Xosé Neira Vilas e o CPIP Antonio Orza Couto, convoca o *XI Certame de Relatos Xosé Neira Vilas* para potenciar a lectura e a promover a lingua galega como medio de creación e comunicación. O certame está aberto tanto a nenos e nenas empadroados en Boqueixón como a escolares de fóra que estean matriculados nun centro educativo do municipio. Os traballos deberán entregarse na biblioteca municipal ou no CPI Antonio Orza Couto antes do 22 de abril.

O concurso inclúe tres categorías: 3º e 4º de Primaria (mínimo 30 liñas), 5º e 6º de Primaria (mínimo 40 liñas) e Secundaria (mínimo

50 liñas). Cada participante poderá presentar un único relato, de tema libre e inédito, escrito a ordenador. O texto deberá entregarse en galego, podendo incluír ilustracións. Para garantir o anonimato, o relato só irá identificado coa categoría á que opta e cun pseudónimo. A ficha de participación cos datos correspondentes irá nun sobre pechado e grampado ao texto.

Por cada categoría haberá tres premios de 125, 100 e 75 euros en vales en libros e material escolar, así como diploma e edición recompiladora. A entrega dos premios terá lugar nun acto co gallo do Día das Letras Galegas. Consulta as bases en www.boqueixon.gal.

XI CERTAME DE RELATO CURTO XOSÉ NEIRA VILAS



Concello de Boqueixón

AXENDA DO MES DE MARZO

Sábado
1

Filloña

Lestedo. A partir das 16:30h.
Actuación de grupos musicais.
Pregón, Atrances dos Xenerais da Ulla, Concurso de Disfraces e Uxía Lambona e a Banda Molona.

Domingo
2

Showcookings

Local social de Lestedo.
Cocido Lalín (2 de marzo, 12:00)
Cocido Lalín (3 de marzo, 19:00)
Escola Filloeira (5 de marzo, 17:00)
Filloa Accesible (6 de marzo, 11 e 19:00)

Domingo
2

Entroido de Sergude

Campo da festa de Sergude.
Pola mañá: Xenerais, Correos e Coros co grupo Son de Gaita. Ás 18:00 h, actuacións dos Coros do Entroido xunto a Son de Gaita. Ás 20:00 h, Atrances dos Xenerais e verbena con Óbice Capital.

Sábado
8

Filloa Folk

Campo da festa de Lestedo.
A partir das 18:00: Parranda, Luz de Ilcinio, Os Melidaos e Ailá (22:00).

Domingo
9

XLII Festa da Filloa

Campo da festa de Lestedo.
Degustación de filloas todo o día.
Desfile e Atrance dos Xenerais.
Pregón. Xantar da Filloa. Vebena.

Venres
14

Charla de concienciación “Os nosos peludos”

CRA Boqueixón-Vedra.
Impartida por Gatocan Oroso.

Domingo
16

Andaina teatralizada “No Camiño da Igualdade”

12km. Agronovo (9:30 h) a Sucira.
Inscripcións ata o 12 de marzo no 981 513 106 ou en www.boqueixon.gal.

Luns
31

Exposición didáctica de traxes tradicionais

CPIP Antonio Orza Couto. Ata o 11 de abril, en horario escolar.

... e en abril

Venres
14

Teatro pola igualdade: “Jane e Rachel”

Ximnasio do Forte. 15:30 a 16:15 h.
Obra de Trémola Teatro. Entrada de balde, previa inscrición: <https://forms.gle/kP4MWsZX68AgAuh68>

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 | CIM: 981 513 106 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.com | boqueixonturismo@gmail.com